O xornalismo na obra e na vida de Álvaro Cunqueiro

Journalism in Álvaro Cunqueiro's Work and Life

Miguel González Somovilla
(Xornalista / miguel.somovilla@me.com)

Data de recepción: 06/04/2021 – Data de aceptación: 01/10/2021

Resumo: Os artigos xornalísticos, publicados por milleiros ao longo de medio século (1930 - 1981), son esenciais para comprender a magnitude e o espírito da obra literaria de Álvaro Cunqueiro. Este corpus xornalístico, tanto en galego como en castelán, está espallado en distintas publicacións. Aínda que, rescatados parcialmente en diferentes escolmas, hoxe en día parece necesaria e urxente a recompilación e catalogación completa destes textos, coa finalidade de sacar do esquecemento tantos centos deles, que seguen agachados nas hemerotecas.

A vida e a obra de Cunqueiro son inseparables do exercicio do xornalismo, en diversas formas e momentos, a pesar de que o autor de *Merlín e familia* se queixara ás veces de que esta actividade lle quitara tempo para escribir máis libros.

Palabras chave: Álvaro Cunqueiro, xornalismo, artigos, hemeroteca, literatura.

Sumario: 1. Limiar. 2. Eterno dilema. 3. As cervas namoradas. 4. Catro etapas. 5. A palpitante actualidade. Referencias bibliográficas.

Abstract: Newspaper articles, of which he published thousands over a period of half a century (1930-1981), are essential to understand the magnitude and the spirit of Álvaro Cunqueiro's work. This corpus of newspaper articles, both in Galician and Spanish, is scattered in several publications. Although they have been partly retrieved in several anthologies, the full compilation and cataloguing of these texts seem to be urgent tasks today, with the aim of rescuing hundreds of them, which are still hiding in newspaper libraries, from oblivion.

Cunqueiro's life and work are inseparable from his practice of journalism, in different forms and moments, although the author of *Merlin and Company* sometimes complained that his work as a journalist stole some of his time which he would prefer to use to write more books.

Keywords: Álvaro Cunqueiro, journalism, articles, newspaper library, literature.

Contents: 1. Introduction. 2. Eternal dilemma. 3. The deer in love. 4. Four stages. 5. The throbbing news. Bibliographic references

1. Limiar

Ao longo de medio século, desde 1930 ata 1981, Álvaro Cunqueiro publicou artigos en medio centenar de xornais e revistas de dentro e fóra de Galicia.

Estes textos van desde a columna ata a crónica de viaxes, sen esquecer a crítica literaria ou gastronómica, os retratos, os pés de foto... ou mesmo os comentarios máis anecdóticos, efémeros e lúdicos: refírome, por exemplo, aos prognósticos da quiniela ou á lectura das mans dos futbolistas. Estes textos, dicía, forman un corpus moi diverso –en galego e máis en castelán– que pode andar polas vinte mil pezas, aínda que ese número non é fácil de precisar se non se aborda, dunha vez por todas, a necesaria recompilación e edición da súa obra xornalística completa. Un traballo inxente que só se pode acometer –disto temos falado Xesús González Gómez máis eu moitas veces– cun equipo especializado que conte co necesario apoio institucional e económico. Unha tarefa similar foi posíbel en Catalunya con Josep Pla, autor co que Cunqueiro tivo bastante relación persoal e algunhas semellanzas profesionais, entre elas a de ser ambos escritores bilingües.

Volvendo á obra xornalística de Cunqueiro, non esquezamos, á hora de botar as contas da súa produción para distintos medios informativos, que Cunqueiro, quen viviu materialmente das colaboracións na prensa case ata o remate da súa existencia, escribira dous ou tres artigos ao día durante longas tempadas, como ben lembraba a súa amiga Elena Quiroga en 1984 (Quiroga 1984).

Todo este material, que anda agachado polas hemerotecas e por unha vintena longa de escolmas publicadas entre 1969 e 2020, constitúe unha parte esencial da obra literaria de Cunqueiro, tanto en galego como en castelán (cfr. Cunqueiro 2020 e González Somovilla 2020). E resulta imprescindíbel para o estudo e a comprensión do conxunto desa obra e mesmo da súa vida. Como ten escrito o seu fillo César Cunqueiro, eses milleiros de artigos forman «un inmenso diario [...], que é fundamental na visión cunqueiriana do mundo» (César Cunqueiro 2020).

Na coñecida fotografía de Magar (Manuel García Castro), feita no despacho de Cunqueiro no *Faro de Vigo* a finais dos anos sesenta do século XX, atopamos a un home que parece estar canso, coa testa recollida entre as mans e os pensamentos quen sabe onde. Hai un par de lentes enriba da mesa –as icónicas lentes de Cunqueiro que podemos ver nesas placas conmemorativas felizmente espalladas polas rúas de Mondoñedo–, algunhas carpetas e papeis por aquí e acolá[1].

Supoño que é de noite e que a imaxe foi sacada nesas horas do peche do diario, que daquela tiñan, se cadra, máis maxia e liturxia que agora. Aquel cheiro a chumbo, aquel repicar dos teletipos e das máquinas de escribir en salas cheas de fume do tabaco, aquelas présas duns redactores románticos e algo bohemios por encher e rematar páxinas...

[1] Esta fotografía atópase depositada na actualidade nos fondos da Fundación Penzol en Vigo.

Cunqueiro dirixía entón o xornal ao que máis tempo estivo vencellado: o *Faro de Vigo*. No *Faro de Vigo* escribiu trinta anos: desde o 25 de xullo de 1950 ata a súa morte o 28 de febreiro de 1981. «Miño por medio. Tierras hermanas de Galicia y Portugal» foi o título do seu primeiro artigo no rotativo vigués. E nesa primeira columna abordaba un asunto, unha relación bilateral de permanente actualidade, onte e hoxe, a irmandade entre Galicia e Portugal, á que Cunqueiro tornaría moitas veces polas razóns máis diversas: para falar do bacallau ou do viño verde; para escribir de Fernando Pessoa e de Teixeira de Pascoaes ou para recoñecer os traballos filolóxicos do profesor Rodrígues Lapa. Calquera pretexto era bo para pasar a raia, física ou espiritualmente.

2. Eterno dilema

Antes de seguir, e para non perdernos polos meandros cunqueirianos, a pregunta é inevitábel:

Foi Cunqueiro xornalista[2] ou foino ao seu pesar?

Si e non. El, como calquera que opina e escribe moito ao longo da súa existencia, ten afirmado unha cousa e a contraria: dixo sentirse feliz no lustro en que dirixira o *Faro de Vigo* e tamén andaba queixoso do moito tempo que lle quitaba o periódico para escribir e por iso decidira deixar a dirección en 1970. Ese dilema xa o tiveron, antes e despois que Cunqueiro, outros moitos autores, entre eles Wenceslao Fernández Flórez, por quen o mindoniense sempre sentira admiración e respecto.

O certo é que a parte máis abondosa da obra literaria de Cunqueiro (fundamentalmente artigos, si, pero tamén poemas, anacos de novela, traducións...) está nos xornais.

Sen saír deste eido, imos ir por un intre do xeral ao particular: imos mirar a Cunqueiro cunha das súas queridas lupas. Ou mellor: cuns prismáticos para ollar cervos no bosque.

Os pés de foto de Cunqueiro na última páxina do *Faro de Vigo* eran, ademais de moi lidos, pequenas pezas mestras. Van sen firma, pero eses poemas en prosa –ou microrrelatos como lle gusta dicir a Xosé Henrique Costas– son relativamente fáciles de identificar. Hai uns anos, contábame en Vigo Xosé Luís Franco Grande, que por desgraza nos deixou a pasada primavera, que non entendía por que algún editor non tiña publicado xa eses pés de foto nun libro. Unha das dificultades, sen dúbida, sería atopar os orixinais desas imaxes,

[2] O debate sobre se o xornalismo é, ou non, un xénero literario parece estar superado desde, polo menos, o século XIX. Hoxe en día, malia as transformacións experimentadas nos medios de comunicación na era dixital, case ninguén pon en dúbida que o xornalismo é unha forma de expresión literaria como calquera outra.

a meirande parte deles procedente de axencias de prensa, e xestionar os dereitos de autor.

3. As cervas namoradas

29 DE MAYO — FARO DE VIGO — 16

IMPOSIBLES AMORES EN EL BOSQUE

Un automovilista llamado Kirtland, ha pedido obtener esta foto en la carretera que en Jackson, Michigan, atraviesa un extenso bosque. Los servicios de protección de flora y fauna del Estado han colocado al borde la ruta, estatuas de ciervos, fosforescentes, que en la noche avisan de que es necesario tomar precauciones con los ciervos verdaderos que atraviesan la carretera. Kirtland vio, con sorpresa, como una cierva —¡Ay, las dulces ciervas de Pero Meogo, clérigo de San Fiz, "e nas verdes herbas"!—, se acercaba al finjido ciervo y lo olía y lentamente le acariciaba con el hocico, húmedo todavía del rocío matinal en el sabroso pasto. Pero no, amorosa. Es un amor imposible, y nunca será para ti el altivo ciervo. No, no es el gentil galopante del bosque el del corazón apresurado y la piel tibia como el pétalo de la rosa al sol de mediodía. Es un galán de pasta química, sin sangre que se encienda en la brama, y Pigmalión no habita el bosque de Michigan para poder repetir con cérvidos la maña mitológica. La amante cierva se retirará en silencio a la espesura, acaso inmensamente triste. También hay amores imposibles en el bosque de mayo. Los trovadores de antaño, Ronsar y Garcilaso, sabían que las ciervas lloraban, muchas veces, asaetecias de amor. Salicio y Nemoroso las escucharon sollozar. Quizá esta del alto cuello sea de esas, sentimentales. — (Foto "Ap - Logos".)

FARO DE VIGO — 16

IMPOSIBLES AMORES EN EL BOSQUE

Gabina

ALEN-MAR

MI NIETO, ASTRONAUTA

LUIS KAIFER

EL ENVÉS

Volando con el trueno

EL CIGARRO DEL PASAJERO NÚMERO 13

El avión de la línea Lisboa-Londres fué abatido, hace ahora 20 años, por la caza alemana, creyendo que en él viajaba Churchill

Entre las víctimas de este suceso se hallaba Leslie Howard

La SONRISA del DIA

Imaxes 1 e 2: Última páxina do *Faro de Vigo*, 29/05/1963. Coinciden no mesmo espazo a publicación dun dos seus pés de foto, «Imposibles amores en el bosque», e a columna «El envés».

O que reproducimos aquí (Imaxes 1 e 2), con data do 29 de maio de 1963, é dobremente significativo: fala dun tema moi recorrente na súa obra, o das cervas namoradas, e sae nunha última páxina en que lembra precisamente o segundo aniversario da súa columna máis coñecida e emblemática, *El envés*, que comezou a publicar en 1961.

No caso de que fora posíbel distinguir con claridade xéneros literarios na obra de Cunqueiro –foi Darío Villanueva quen dixera que don Álvaro é un escritor sen xénero–, o certo é que, de habelos, teñen vasos comunicantes e van do xornal ao libro, do verso á prosa ou viceversa. A de Cunqueiro é unha obra única, diversa e complexa, e sempre aberta.

Parafraseando o noso autor mindoniense, «millor que decila fora pintala» (Cunqueiro 1955).

Imaxe 3: Cuberta de *Merlín e familia* (1955, Galaxia), ilustrada por Prego de Oliver.

EL PASAJERO EN GALICIA

DONDE MUERE EL CORZO

Los sones, alarmando la clara y fría mañana, hicieron salir la corza al descubierto de la campoa, y allí en la brafia—brafia, verania, los altos pastos estivales—, sobre el risolisolo, la abatió el cazador apostado. Las aguas cristalinas del regato le lavaban los pies, al morir. Tocas las cantigas, Johán Zorro o Pero Meogo, me venen a la imaginación y a los labios. Con una cantiña así: «Ceervo corzo, «ave feita que bebes agua fiinpia», me preguntaba cómo era posible que tanta vida, que una vida de tan rauta y asoinda forma, pudiera ser muerta, sin más, en la dulzura de la mañana. La muerte no parecía posible en la mañana aquella, tan extremada de luz, tan desenredada entre las cumbres y los valles, de tan dilatada y fina arquitectura, oreada al aire en servicioso arcos ajisales. Pero allí estaba la corza muerta. Como Julio César en Ebora, esperaba: «un cierro abandonado por muchos principes», la corza yace en la breva orilla, imagen también de una suprema y soberbia majestad derribada... Alguien, en Francia, dijo que todo lo que pasa, la vida toda, es llevado a morir a un libro. Curtius ha estudiado esta maravillosamente, estudiando la idea francesa de civilización. A mí me gustaría decir que en Galicia todo lo que pasa, la vida toda, se llevaba a morir a una canciña.

—Dime a cuide vos, xiiña corza ferida.—dime a onde vas, jóio tes amor.—Vou para os verros d'unha cantiga.—ainna corzoder?

La ha cerrado los ojos a la corza, porque de tan quietos, preguntaban. Preguntaban, quizás: «¿conocen el país donde el aire es vista con mi vista?»... Y me aparté de los cazadores, colocándome en el margen la cantiga en que la corza podía, aun muerta, seguir sembando hierbas verdes y las frescas fuentes. Yo me iba con Johán Zorro y Pero Meogo y los otros trovadores, comprendiendo esos misteriosos femeninos elementos altos introdujeron en sus cantigas, petinándolas de ciervos y de agua.

Toco el Carrancho, monte «que a Idolo.os montes pon modo», se ahora de oro, de oro antiguo. Los tejados han florecido, espesos, y avensan hasta la misma espera ombría, donde todavía se tienden blancos paños de nieve. Esos pocos de estrecha boca son las «pisas», mandatos encaxar para reversar por los barcardos de Maira, que en la cancioula gallaban de los arrieiros llamos. Cerca de ellas, una moza coria seculima. El suelto cabelo se la lleva, como una paloma negra, el fino noroeste.

—Dime a onde vai tou cabelo, doiroia.—dime a onde vai, jóio tes amor. —Vai para unha Sta verde da seca. —ainna cazadora.

Se incorpora un momento, con la hoz en la mano, y parece que ha brotado de la entraña misma del monte oscuro, la luna nueva, en labio de brillante plata... Hasta esta fresca y jugosa hierba arracoira llegaría el tabú goloso de la corza muerta. Hasta esta agua que tímidamente nace, y no bien nace, huye monte abajo, llegaría su sed. Pues la toda la mañana en verano, ¿cómo se terminar la cantiga?

—Dime unha fonte d'auga, amigo.—dime unha fonte, jóio tou amor.—Ll cuide a corza á i-sola bóia. —ainna cazadora.

Penetrándome la mañana en verso, viéndola tan llena de luz y tan próxima,—ya mismo era de la mañana, de la radiante claridad de la mañana—, tan llena de respuestas como mi sosegado de preguntas, me parecía medir con mis largas zancadas una madurez antigua, un paso profundamente significativo, que proclamaría se expresaba así sereno y grave por los misteriosos y ayuntante antigüedad: la corza, el tojo, la nieve, la moza, la «cidade del Carrancho», la ranga en que ya iba diciendo el verso, los caminos a Maira, Breiteña y Mondoñedo. Hasta la infanta para comida en el puente de Rivesos, el pan de Ferreras, la carne y el queso, el oscuro vino. El paso de Rivesos, aprendo entre aguas mansas, se talmenta un grabado de Gustave Doré: «los peines oscuros como túneles que desembocan en una redonda claridad. Pero las miradas de mis ojos las llevaba la corza muerta, landa al coupé del coche. Nunca ha visto nada tan muerto, tan irremediable y desesperadamente muerto, tan conforme a la idea de la muerte carnal. Ni un César al ciba esta.

(Ilustración del autor).

ALVARO CUNQUEIRO

Imaxe 4: Artigo e debuxo de Cunqueiro publicado en *Faro de Vigo* o 13/03/1953.

Merlín e familia saíu do prelo do *Faro de Vigo* o 25 de agosto de 1955. A ilustración da cuberta da edición da Editorial Galaxia (Imaxe 3), feita por Prego de Oliver, é unha cerva, imaxe repetida no capítulo dedicado a dona Simona, «A princesiña que quería casar».

Dous anos antes de rematar o *Merlín*, o 13 de marzo de 1953, publicaba no *Faro de Vigo* o artigo «Donde muere el corzo», acompañado dun debuxo do que é autor o propio don Álvaro (Imaxe 4) e dalgúns versos dun poema inédito en libro entón: «Pero Meogo no verde prado», recollido despois en *Herba aquí e acolá* (Cunqueiro 1980).

Cervas, gamos, corzos..., animais tan presentes na tradición lírica e trobadoresca, non deixarán nunca de saír dos beizos e da pluma de Cunqueiro con distintos propósitos. Como xa dixeramos, o 29 de maio de 1963, don Álvaro atópase na redacción do *Faro de Vigo* cunha imaxe de axencia feita no condado de Jackson, en Michigan, Estados Unidos, e escribe un texto con ecos de vellos poemas, seus e tamén alleos, baixo o título inequivocamente cunqueiriano «Imposibles amores en el bosque»:

> Un automovilista llamado Kirtland ha podido obtener esta foto en la carretera [...] que atraviesa un extenso bosque. Los servicios de protección de flora y fauna del estado han colocado, al borde de la ruta, estatuas de ciervos fosforescentes, que en la noche avisan de que es necesario tomar precauciones con los ciervos verdaderos que atraviesan la carretera.
>
> Kirtland vio, con sorpresa, como una cierva –¡Ay, las dulces ciervas de Pero Meogo, clérigo de San Fiz, «e nas verdes herbas»– se acercaba al fingido ciervo y lo

> olía y lentamente lo acariciaba con el hocico, húmedo todavía del rocío matinal en el sabroso pasto.
>
> Pero no, amorosa. Es un amor imposible y nunca será para ti el altivo ciervo. No, no es el gentil galopante del bosque, el del corazón apresurado y la piel tibia como el pétalo de la rosa al sol del mediodía. Es un galán de pasta química, sin sangre que se encienda en la brama, y Pigmalión no habita el bosque de Michigan para poder repetir con cérvidos la maña mitológica. La amante cierva se retirará en silencio a la espesura, acaso inmensamente triste. También hay amores imposibles en el bosque de mayo. Los trovadores de antaño, Ronsard y Garcilaso, sabían que las ciervas lloraban muchas veces ausencias de amor. Salicio y Nemoroso las escucharon sollozar. Quizá esta del alto cuello sea de esas, sentimentales.

Poucas veces unha inerte e gris telefoto daquelas que chegaban ás salas de teletipos nun rolo de papel, tomara tanta vida.

Cito dous últimos casos con cérvidos, entre ducias deles:

- En 1974, no transcurso dunha viaxe a Gran Bretaña, Cunqueiro fai unha visita a Woburn Abbey, no condado de Bedfordshire. Desa excursión sae un artigo da revista *Jano*, con curiosas connotacións lírico gastronómicas, e tamén os poemas dos «Cantos de St. Albáns e de Woburn Hills» (Cunqueiro 1991). A cerva de Cunqueiro, como a dorna do seu verso, vai e vén...
- Outras veces, os corzos non teñen feridas de amor, senón do lobo (pasa o tempo, mais as polémicas permanecen), como deixa constancia Cunqueiro nun pé de foto manuscrito conservado no arquivo da Fundación Penzol (Imaxe 5).



Imaxe 5: Pé de foto de Cunqueiro que describe un cervo ferido polo lobo en As Nogais (Os Ancares, Lugo). Arquivo da Fundación Penzol.

Esta dos cérvidos é soamente unha mostra que serve, dunha banda, para achegarse a unha das diversas teimas e inquedanzas de Cunqueiro e, doutro lado, ao seu *modus operandi* á hora de escribir: unha mesma idea revive e transita por distintos tempos e vieiros literarios.

4. Catro etapas

Pero temos que deixar de mirar as arbores –os cervos– para ollar mellor o bosque. Se queremos ter certa perspectiva convén subliñar que na historia do xornalismo literario de Cunqueiro hai, cando menos, catro etapas bastante definidas. Imos expoñelas, aínda que sexa telegraficamente.

A primeira empeza en Mondoñedo en 1930, no semanario da cidade, *Vallibria,* onde fundara e dirixira tamén a publicación *Galiza.* Virán despois as colaboracións de *El Pueblo Gallego* do republicano Manuel Portela Valladares, en galego e en castelán, con textos tan significativos como os dedicados a Federico García Lorca ou ó fallido Estatuto galego de Autonomía de 1936.

A segunda etapa comeza no outono deste triste e tráxico ano 1936. Consciente da deriva da Guerra Civil, e tras certas dúbidas[3], en Cunqueiro poden máis os medos, e se cadra o seu conservadorismo e antimarxismo, que o ideario republicano e galeguista. Non abandona o xornalismo, pero si muda axiña de bando.

Desa época son os artigos de *Era Azul* e da segunda etapa de *El Pueblo Gallego*, incautado polos falanxistas. Chegaría máis tarde o paso por San Sebastián (*La Voz de España* e *Vértice*) e, rematada a guerra, Madrid (*ABC*, *Arriba*... e varios máis).

Correspóndese con esta década (1936-1947) o período máis escuro da súa vida: «Non era el», dicíame don Paco Fernández del Riego nunha conversa mantida en Vigo no ano 2009.

Fora daquela cando, por unha serie de episodios que habería que enmarcar na picaresca da época e na recoñecida dificultade de Cunqueiro para separar ás veces a realidade da imaxinación, quedara expulsado da Falanxe e desposuído do carné de xornalista (1944), coa prohibición expresa de exercer a profesión. Unha das causas estivera no cobro por adiantado duns traballos sobre o Camiño de Santiago, por encargo da embaixada francesa, que non chegara nunca a entregar[4].

Durante bastante tempo tivo que firmar con pseudónimo: o de Álvaro Labrada foi un dos que máis utilizou.

En 1947, *anugallado*, como Felipe de Amancia cando xa ía vello, Cunqueiro volveu a Mondoñedo, onde empeza unha nova vida na que, outra vez, as colaboracións nos xornais (*La Noche*, *La Voz de Galicia*, *El Progreso*, *Faro de Vigo*) vanse converter no seu *modus vivendi*.

---

[3] Polo historiador Carlos Fernández coñecemos a carta dirixida por Cunqueiro a Augusto Assía (Felipe Fernández Armesto), datada en Lugo o 24/07/1936. Nesta misiva, Cunqueiro expresa a súa inquedanza ante a sublevación militar iniciada días antes polo xeral ferrolán Francisco Franco contra o Goberno da República: «¡Probe Hespaña! ¡E probes de nós tamén!» (Fernández 1987: 607), escribe o autor mindoniense.

[4] Na Fundación Penzol de Vigo consérvase copia de ambos os expedientes –expulsións de Falanxe e do Rexistro de Xornalistas–, recollidos tamén en Franco Grande (1991: 563-568).

Malia estes contratempos, foi un período moi frutífero no literario. O máis frutífero: a década prodixiosa do Cunqueiro creador, como dixera Forcadela en *A mecánica da maxia* (2009).

Nos xornais atopamos anuncios e anticipos de obras futuras, coma «El reló de arena» (*Faro de Vigo* 01/01/1952), que aparecerá despois nun capítulo de *Merlín e familia* (Cunqueiro 1955) (Imaxes 6 e 7).



EL RELÓ DE ARENA

Por Alvaro CUNQUEIRO

O RELÓ DE AREA

ESTABA eu xogando aos bolos co fillo do Arnegueiro, i o pai, o señor Antón da Arnega, viña tódolos anos por Santos a zoquear a Miranda e facía nunha semán cantas zocas se precisaban nun ano na

65

Imaxes 6 e 7: O artigo «El reló de arena» (*Faro de Vigo*, 01/01/1952) foi un anticipo do capítulo de *Merlín e familia* «O reló de area» (Cunqueiro 1955, Editorial Galaxia).

En 1961 decide incorporarse á redacción do *Faro de Vigo* e empeza aí o cuarto e último episodio, o máis longo, da súa vida xornalística, incluído o lustro en que dirixe o diario (1965-1970). Vimos ao principio algúns exemplos dos seus traballos no *Faro de Vigo*.

Quixera volver por uns instantes ao *envés* e destacar que unha desas columnas foi distinguida co Premio Godó de xornalismo en 1967: «En la muerte de Rafael», un emocionado adeus ao seu íntimo amigo Rafael Sánchez Mazas, destacado ideólogo da Falanxe a quen coñeceu durante a Guerra Civil. A Sánchez Mazas debíalle Cunqueiro, en boa medida, a súa admiración polo Renacemento italiano.

5. A palpitante actualidade

Cunqueiro, que non fora rehabilitado oficialmente como xornalista ata o 1 de setembro de 1962, tiña un particular e intransferíbel sentido da actualidade. «As noticias verdadeiras son as que teñen 300 anos [...]. As modernas son falsas», dicía en 1953 (González Luengo 1953). Nesta liña hai que entender o que pensaba do Camiño de Santiago, outro dos seus grandes amores históricos e literarios:

> Si me hallase a las tantas de la noche en la redacción de un periódico y su director solicitase de mí un artículo de la máxima actualidad, sin vacilar lo escribiría sobre las peregrinaciones a Compostela. (*La Noche* 24/07/1948)

E engade:

> Escribir sobre las peregrinaciones compostelanas es escribir sobre esa que el tópico periodístico llama la palpitante actualidad, una actualidad agobiadora y esperanzadora a la vez. (*La Noche* 24/07/1948)

Polos camiños de Melide, nos que estivera Cunqueiro cando fixo a ruta xacobea en 1962 –nun Seat 600 conducido por Magar, o fotógrafo do *Faro de Vigo*– andaba tamén Cerviño de Moldes, quen fora emigrante en Cuba durante corenta anos.

José Cerviño Pérez volveu á súa parroquia de Moldes con aires de profesor en medicina. Nunha fotografía de Bene (Benedicto Conde González) con pé manuscrito de Cunqueiro pola parte de atrás (cfr. Imaxe 8), pola face vemos a este home que, conforme escribira don Álvaro (*Jano* 25/05/1975 e Cunqueiro 1976), «iba en un caballete del país, de aquí para allí, recogía yerbas y se acercaba sigiloso a las casas de los vecinos, a quienes se presentaba como el profesor Cerviño»[5].

> Comenzó a curar catarros infantiles con una hierba que trajera de Cuba, la llamada *hierba monda*, que era pardo rojiza. Además de la hierba, sugería paseos a caballo: Cerviño iba en su jaco y tras él iba en otro el enfermito con su madrina. Hacían dos leguas a media mañana y, antes de dar por terminado el paseo, entraba la comitiva en una taberna y Cerviño, quitándose la boina, le daba al niño una sopa de pan de trigo mojada en vino tinto.

[5] Esta fotografía reproduciuse no capítulo dedicado a este menciñeiro retratado por Cunqueiro en *Tertulia de boticas y escuela de curanderos* (Cunqueiro 1976).



Imaxe 8: Anotación cunqueiriana manuscrita no envés da fotografía de Cerviño de Moldes (da autoría de Benedicto Conde González, Bene). Arquivo da Fundación Penzol.

Gustaba o noso autor de repetir uns versos da poeta francesa Lucie Delarue-Mardrus: «L'odeur de mon pays était dans une pomme»: o aroma do meu país estaba nunha mazá.

Do mesmo xeito, eu penso que todo o xornalismo de Cunqueiro, toda a súa obra e parte da súa vida, tamén cabe nun artigo, por máis que algún deles se repita cada ano, ou xusto por iso, como a chegada da primavera e o primeiro canto do cuco.

A primavera era cousa moi seria daquela en Galicia. Lembraba Cunqueiro como Eduardo Lence-Santar, cronista de Mondoñedo, mandaba ao *Progreso* de Lugo «las noticias más urgentes: Ha venido prematuramente la primavera. Ya se han vendido en la plaza los primeros guisantes y en el huerto del que esto escribe han florecido las primeras clavellinas» (*Faro de Vigo* 04/11/1961).

Este *envés* dedicado aos correspondentes de prensa vaime servir tamén de peche xornalístico. Remato cunha cita de Cunqueiro, sacada dese mesmo artigo de 1961:

> La abundancia e instantaneidad de las noticias en nuestro tiempo –la instantaneidad es demoníaca; el demonio no es ubicuo, que es instantáneo–es una de las causas mayores de la confusión ambiente, y elevan la emoción a grados intolerables. (*Faro de Vigo* 04/11/1961)

Unha frase, onte e hoxe, que dá moito que pensar. O certo é que dos centos de veces que lle preguntaron a Cunqueiro pola súa relación co xornalismo, que foi eixe da súa obra e da súa existencia, sempre quedo con esta resposta: *Eu sempre tiven a tendencia de transformar a noticia máis urxente en literatura*.

Referencias bibliográficas

Cunqueiro, Álvaro (1955): *Merlín e familia i outras historias*. Vigo: Galaxia.

Cunqueiro, Álvaro (1976): *Tertulia de boticas y escuela de curanderos*. Barcelona: Destino.

Cunqueiro, Álvaro (1980): *Obra en galego completa. I. Poesía. Teatro*. Vigo: Galaxia.

Cunqueiro, Álvaro (1991): *Herba aquí ou acolá*. Edición de X. H. Costas González. Vigo: Galaxia.

Cunqueiro, Álvaro (2020): *Al pasar de los años. Artículos periodísticos (1930-1981)*. Edición de M. González Somovilla. Biblioteca Castro. Madrid: Fundación José Antonio de Castro.

Cunqueiro, César (2020): «De nuevo en Mondoñedo», *Diario*, 22/04/2020. https://cesarcunqueiro.home.blog/2020/04/ [consultado o 20/03/2021].

Fernández, Carlos (1987): *El alzamiento de 1936 en Galicia*. 4ª edición. Sada (A Coruña): Ediciós do Castro.

Franco Grande, Xosé Luis (1991): «Expulsión e readmisión do periodista Álvaro Cunqueiro», *A Trabe de Ouro* Tomo IV, Anno II, 563-568.

González Luengo, Juan Manuel (1953): «Entrevista a Cunqueiro», *El Pueblo Gallego*, 28/06/1953.

González Somovilla, Miguel (2020): *O labirinto do Imperio Secreto: Vinte artigos (1959-1976) da serie xornalística máis enigmática de Álvaro Cunqueiro*. Mondoñedo: Casa Museo Álvaro Cunqueiro.

Quiroga, Elena, (1984): *Presencia y ausencia de Álvaro Cunqueiro*. Madrid: Real Academia Española.